**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 2 DE XULLO DE 2018.**

**PRESIDENTE:**
O alcalde accidental, D. Diego Antonio Taibo Monelos

**ASISTENTES:**
D.ª Mª Guadalupe Pombo Carril
D.ª Mª Carmen Varela Corbelle
D. Juan Carlos Iglesias Lovelle
D.ª Marta Mª Iglesias Becerra
D. Miguel Suárez García
D.ª Marta Mª Figueroa Fuentes

**SECRETARIA XERAL:**
D.ª Pilar Mª Pastor Novo

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo (A Coruña), sendo as trece horas e quince minutos do día dous de xullo do ano dous mil dezaoito, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde accidental, D. Diego Antonio Taibo Monelos (resolución da alcaldía do 2 de xullo de 2018) e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D.ª Mª Guadalupe Pombo Carril, D.ª Mª Carmen Varela Corbelle, D. Juan Carlos Iglesias Lovelle, D.ª Marta Mª Iglesias Becerra, D. Miguel Suárez García e D.ª Marta Mª Figueroa Fuentes.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral, D.ª Pilar Mª Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 107 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP núm. 162 do 16-07-2004) para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudio e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

**1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA O DÍA 25 DE XUÑO DE 2018.**

C.I.F. P-1503100-H

De conformidade co preceptuado no artigo 79.1 e 107.4 do ROM, (BOP núm. 162 do 16-07-2004) a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e cinco de xuño de dous mil dezaoito, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por seis votos a favor (do Sr. alcalde accidental, Taibo Monelos e dos/as Sres./as concelleiros/as, Pombo Carril, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Suárez García e Figueroa Fuentes) e coa abstención da Sra. concelleira Varela Corbelle cal manifesta que se abstén por non ter asistido á sesión á que se refire a acta.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada o día 25 de xuño de 2018.

**2.- DACIÓNS DE CONTA.**

**2.1.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS. PUBLICACIÓNS OFICIAIS.**

A Presidencia dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

**Publicacións:**

- Resolución do 18 de xuño de 2018, da Axencia Instituto Enerxético de Galicia, pola que se redistribúen e se minoran os créditos orzamentarios por epígrafes recollidas na Resolución do 26 de decembro de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria de subvencións para proxectos de enerxías renovables, para o ano 2018, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder-Galicia 2014-2020. DOG núm. 121 do 26-06-2018.
- Resolución do 21 de xuño de 2018, da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, pola que se modifica a Resolución do 15 de decembro de 2017 para a concesión directa, mediante resolución, das axudas correspondentes ao Plan de mellora de camiños municipais 2018-2019. DOG núm. 125 do 02-07-2018.



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es

- Anuncio do 22 de xuño de 2018, do Concello de Culleredo, de exposición pública do padrón da taxa pola prestación do servizo de distribución de auga e polo servizo de depuración de augas residuais, así como do canon da auga correspondente ao 2º trimestre de 2018. BOP núm. 121 do 27-06-2018.
- Anuncio do 18 de xuño de 2018, do Consorcio As Mariñas, de exposición pública da aprobación inicial do Padrón fiscal da taxa pola recollida de residuos sólidos urbanos correspondente ao segundo trimestre de 2018, que rexerá para o Concello de Culleredo. BOP núm. 122 do 28-06-2018.

## 2.2.- RESOLUCIÓNS E ACTIVIDADES DA ALCALDÍA E DAS DISTINTAS CONCELLARÍAS DELEGADAS.

2.2.1.- O Sr. Taibo Monelos dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes comunicacións previas de obras e aperturas da Área de Urbanismo:

"**COMUNICACIÓNS PREVIAS DE OBRAS E APERTURAS**

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data 25 de xuño de 2018, a comunicación previa presentada por F.Z.R., para obras de reparación dunha cociña, substituíndo alicatados e solados, nun local situado en Rúa Alexandre Bóveda, parroquia de O Burgo. (exp. UAU/2018/122).

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data 28 de xuño de 2018, a comunicación previa para obras de acondicionamento interior oficinas, nunha nave situada no Parque Empresarial de Alvedro, Rúa H, parroquia de Almeiras (exp. UAU/2018/146)."

2.2.2.- A Sra. Pombo Carril dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións da Concellaría delegada da Área de Benestar Social e Igualdade:

"

***SERVIZO DE PRESTACIÓNS MUNICIPAIS DE APOIO A AUTONOMÍA E ATENCIÓN Á DEPENDENCIA (PAAD) conforme ao *Regulamento das prestacións municipais de apoio á autonomía e asistencia á dependencia (PAAD) publicado no BOP nº 204 de 25 de outubro de 2013.***

| Data da resolución | Nº resolución | TEMA | Persoa beneficiaria | Intensidade |
|---|---|---|---|---|
| 15/06/18 | 923 | Aceptar o desestimento da solicitude do servizo municipal de Axuda no fogar e declarar concluso o procedemento. | F. S. M. | |
| 15/06/18 | 924 | Denegar a solicitude do servizo municipal de Axuda no fogar por libre concorrencia. | M. I. B. G. | |

****PRESTACIÓNS ECONOMICAS MUNICIPAIS DE EMERXENCIA E INSERCIÓN SOCIAL (PEEIS) de acordo ao vixente *Regulamento de acceso ás prestacións económicas municipais de emerxencia para a inserción social (PEEIS) publicado no BOP nº 242 de 20 de decembro de 2013***

| Data da resolución | Nº resolución | TEMA | Persoa beneficiaria | Obxecto da axuda | Importe |
|---|---|---|---|---|---|
| 11/06/18 | 890 | Conceder unha axuda | M.T.CH. | Pago de hipoteca | 1.075,00 € |

C.I.F. P-1503100-H

C.I.F. P-1503100-H

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | económica. | | correspondente aos meses de abril e xuño de 2018, que lle será aboada mediante talón bancario nominativo, por un importe mensual de 400€, agas o mes de xuño cun importe de 275€. | |
| 11/06/18 | 891 | Conceder unha axuda económica. | T.L.F.R. | Pago de recibo de auga correspondente ao 4º trimestre de 2017, 1º,2º e 3º trimestre de 2018.<br>Pago de recibo de gas correspondente os meses de outubro de 2017 a outubro de 2018.<br><br>Pago de recibo de luz correspondente os meses de outubro de 2017 a outubro de 2018.<br><br>Bono de alimentos tipo A,durante seis meses e cunha entrega mensual. | |
| 12/06/18 | 898 | Autorización, disposición, recoñecemento e orden de pago. | M.D.R.S. | Pago de recibo de auga correspondente ao 1º trimestre de 2018.<br><br>Pago de recibo de luz correspondente ao período de 11 de xaneiro de 2018 a 11 de abril de 2018.<br><br>Pago de recibo de gas correspondente ao período de 01 de xaneiro de 2018 a 05 de abril de 2018. | 58,79 €<br><br>47,39€<br><br>45,90€ |
| 18/06/18 | 929 | Autorización, disposición, recoñecemento e orden de pago. | D.D.F.T. | Bono de transporte correspondente ao mes de maio de 2018. | 61,93 € |
| 18/06/18 | 930 | Autorización, disposición, recoñecemento e orden de pago. | J. A. V. M. | Recibo de electricidade, correspondente ao período comprendido entre o 17 de abril de 2018 ao 17 demaio de 2018. | 54,87 € |
| 18/06/18 | 931 | Conceder unha axuda económica. | M. A. G. L. | Pago de aluguer, correspondente aos meses de marzo (250 €), | 750,00 € |

| | | | | | |
| --- | --- | --- | --- | --- | --- |
| | | | | abril (250 €) e maio (250 €) de 2018.<br><br>Pago de recibo de auga, correspondente ao primeiro e segundo trimestre de 2018.<br><br>Pago de recibo de electricidade correspondente a dous meses de 2018. | |
| 18/06/18 | 932 | Conceder unha axuda económica. | R. M. B. D. | Pago de aluguer, correspondendo 350 € os meses de maio, xuño e xullo de 2018 e 25,68 € o mes de agosto. | 1.075,68 € |
| 18/06/18 | 933 | Conceder unha axuda económica. | N.L..V.V. | Pago de aluguer correspondlente aos meses de xaneiro a xuño de 2018, que lle será aboada mediante talón bancario nominativo, por un importe mensual de 200€, agas o mes de xuño cun importe de 75€. | 1.075,00 € |
| 18/06/18 | 934 | Conceder unha axuda económica. | E.J.R.CH | Pago de aluguer correspondente aos meses de marzo a maio de 2018, que lle será aboada mediante talón bancario nominativo, por un importe mensual de 380€, agas o mes de maio cun importe de 315€. | 1.075,00 € |
| 18/06/18 | 935 | Conceder unha axuda económica. | M.M.R. | Pago de aluuger correspondente aos meses de xaneiro a marzo de 2018, que lle será aboada mediante talon bancario nominativo, por un importe mensual de 350€. | 1.050,00 € |
| 21/06/18 | 973 | Autorización, disposición, recoñecemento e orden de pago. | M.E.B.R. | Pago de recibo de auga, correspondente ao 4º trimestre de 2017, e 1º trimestre de 2018.<br><br>Pago de recibo de luz, correspondente ao período e 04 de xaneiro de 2018 a 06 de maio de | 124,74 €<br><br>219,98€ |

C.I.F. P-1503100-H



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es

C.I.F. P-1503100-H

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | | 2018. | |
| 21/06/18 | 974 | Conceder unha axuda económica. | M.V.A.C. | Recibo de auga correspondente o primeiro trimestre de 2018.<br><br>Recibo de auga, correspondente ao 4º trimestre de 2017, 2º e 3º trimestre de 2018.<br><br>Pago de recibo de luz, correspondente ao período do mes de xaneiro de 2018 ata o 12 do mes de marzo de 2018.<br><br>Pago de recibo de luz correspondente ao período de 13 de marzo de 2018 a outubro de 2018.<br><br>Pago de recibo de gas correspondente ao período deo mes de xaneiro de 2018 ao 07 de febreiro de 2018.<br><br>Recibo de gas, correspondente ao período de 8 de febreiro de 2018 a outubro de 2018. | 89,98 €<br><br>98,68 €<br><br>63,43 € |
| 21/06/18 | 975 | Conceder unha axuda económica. | R.M.V.R. | Pago de aluguer correspondente aos meses de xaneiro a abril de 2018, que lle será aboada mediante talón bancario nominativo, por un importe mensual de 331€, agas o mes de abril cun importe de 82€. | 1.075,00 € |
| 21/06/18 | 976 | Denegacion dunha axuda económica. | R.P.V. | Denegada a axuda para bono de aluguer por superar o limite de ingresos establecido ao abeiro do artigo 5.2 do dito regulamento. | |
| 21/06/18 | 977 | Denegación dunha axuda económica. | M.J.C. | Denegada a axuda para bono de aluguer por superar o limite de | |



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es

| | | | | | |
| --- | --- | --- | --- | --- | --- |
| | | | | ingresos establecido ao abeiro do artigo 5.2 do dito regulamento. | |

| ***TARXETA ESTACIONAMENTO** conforme ao ***Real Decreto de 12 de decembro de 2014 polo que se regulan as condicións básicas de emision y uso de de la tarjeta de estacionamiento para personas con discapacidad*** **(BOE nº 309 de 23 de dicembre de 2014)** | | | | |
| --- | --- | --- | --- | --- |
| **Data da resolución** | **Nº resolución** | **TEMA** | **Persoa beneficiaria** | **Vixencia** |
| 28/05/18 | 786 | Conceder a tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade. | J. P. C. | 10 anos |
| 28/05/18 | 790 | Conceder a tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade. | M. G. M. | 10 anos. |
| 05/06/18 | 846 | Conceder a tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade. | J.R.M.L. | 10 anos. |
| 18/06/18 | 927 | Conceder a tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade. | J. M. C. | 10 anos. |

"

C.I.F. P-1503100-H

2.2.3.- A Sra. Varela Corbelle dá conta á Xunta de Goberno Local da realización das seguintes actividades da Concellería delegada da Área de Educación, Cultura e Participación Cidadá:

**"ACTIVIDADES CULTURAIS**

O venres 29 de xuño instalouse na Praza Europa do Burgo a exposición didáctica "Ruta del Impresionismo das Mariñas", dedicada ao pintor Francisco Lloréns, promovida polo Consorcio das Mariñas. Estará ata o 13 de xullo.

LUNS 2 DE XULLO
Xardín Botánico do Burgo. 20.30 h: Actuación de *Swing Machine Orchestra.*

MÉRCORES 4 DE XULLO
Biblioteca González Garcés do Burgo. 11.30 h:
*Obradoiros creativos de verán.*
*Radiocontada*, a cargo de "Laboratorio de Radio". A partir de 7 anos. Inscrición na mesma semana na Biblioteca, en horario de 9.00 a 14.00, ou no teléfono 981665597.

VENRES 6 DE XULLO
Edificio de Servizos Múltiples do Burgo. 19.30 h:
Sarabela Teatro: *O último dragón.*
Público familiar. Recollida de invitacións dende unha hora antes da función.

VENRES 6 DE XULLO
Aula de Natureza do Xardín Botánico do Burgo. 20.00 h:
Inauguración da exposición das Actividades Culturais Municipais 2017-2018.
Ata o 21 de xullo."



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es

**3.- ASUNTOS SOBREVIDOS.**

Non se somete ningún asunto neste punto da orde do día.

**4.- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non se formulan.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as trece horas e vinte minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e prace
O alcalde
(Asinado dixitalmente)

PASTOR NOVO, PILAR MARÍA
Secretaria Xeral
05/07/2018 14:14

TAIBO MONELOS, DIEGO ANTONIO
Concelleiro delegado de Urbanismo
06/07/2018 10:33

C.I.F. P-1503100-H



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 - http://www.culleredo.es